

noticiasgalicia.com

Jueves 23 de Septiembre de 2010

Rosalía de Castro, 15-17



- noticias
CORUÑA
 - noticias
SANTIAGO
 - noticias
FERROL
 - noticias
LUGO
 - noticias
OURENSE
 - noticias
PONTEVEDRA
 - noticias
VIGO
 - ConfidencialGalicia**
- Sociedad Economía Salud Cultura Sucesos Educación Medio Ambiente Ferias Pesca Comunicación Deportes Portugal

noticiasvigo



Baiona | A Guarda | O Rosal

| Recomienda esta Página |

Investigadores da Universidade de Vigo estudiarán si hay gas na costa galega

noticiasgalicia.- A 140 quilómetros da costa e 1700 metros de profundidade, moi preto de onde se atopa o pecio do Prestige, os fondos mariños agochan un orificio de catro quilómetros de diámetro e 300 metros de fondo, coñecido como Gran Burato, "a estrutura deste tipo máis grande do mundo", tal como se refire a ela o catedrático Daniel Rey, coordinador xunto á profesora Belén Rubio, da denominada Misión Galega do Gran Burato, unha expedición financiada pola Xunta de Galicia que partirá na segunda quincena de outubro coa misión de estudar en detalle a zona e realizar "unha radiografía" que arrojará luz sobre a existencia ou non de hidratos de gas, un tipo de hidrocarburo que se albisca como fonte alternativa de enerxía.

Liderada pola Universidade de Vigo, a campaña estará composta por un equipo de arredor de 20 investigadores nos que se inclúen, ademais dos membros vigueses, profesionais das Universidades de Aveiro, do Instituto Español de Oceanografía e do Instituto Andaluz de Ciencias da Terra, un centro mixto pertencente ao Consello Superior de Investigacións Científicas, CSIC, e á Universidade de Granada. Co apoio en terra do resto de investigadores do grupo Geoma ao que pertencen Rey e Rubio, centraranse en realizar unha cartografía moi detallada tanto dos fondos como da auga, os sedimentos e o bentos, a comunidade de organismos propios destes ecosistemas e da que se fai cargo o tamén profesor da Universidade Fran Ramil.

Admiten que a posibilidade de atopar hidratos de gas é unha cuestión que esperta moitas expectativas pero subliñan "que se debe actuar con prudencia", xa que se ben a investigación é necesaria para coñecer a zona e chegar a determinar a presenza ou non deste tipo de hidrocarburos "a posible explotación e perforación é, polo de agora, un reto tecnolóxico de primeiro orde, xa que está no límite da tecnoloxía de explotación e perforación que se está a desenvolver nestes intres", subliña Rey.



Si desea incluir información, (fotos, documentos, web...) envíenosla a info@noticiasgalicia.com

©Galicia en PáXinas S.L.

Todos los derechos reservados. Optimizada para 1024 x 768 pixels

[Aviso legal](#) | [Departamento Publicidad](#) | [Tarifas Publicidad](#)